



Comunicado nº 102/21  
24 de Xuño de 2021

#### ❑ COMISIÓN GALEGA DE KARTING.

Amplíase unha nova modalidade, no Campionato de Galicia de Karting 2021, a Rotax (Junior e Senior) según regulamentación técnica da Rotax. Os pneumáticos obrigatorios serán Lecont LO (Seco) e Lecont SV1 (Auga). Correrán conxuntamente cos X30 pero con clasificacións e puntuacións independentes. Ó final da tempada os resultados a reter serán 4 carreiras como máximo.

---

#### ❑ TEST DE PROBAS.

Consultado, o pasado 18 de Xuño de 2021, a Xefa de Área de Autorizacións Especiais da Subdirección Xeral de Xestión de Mobilidade e Tecnoloxías, da “Dirección General de Tráfico”, **sobre a posibilidade de levar a cabo probas de test en Galicia;** infórmannos que non é posible autorizalas, a actividade de test solicitada debido a que a Lei de Seguridade Vial non permite a realización deste tipo de actividades en vías abertas ó público.

---

#### ❑ RALLY TOUR TERRAIN 2021 MC A PEROXA.

O organizador, Moto Club A Peroxa, confirma a inscrición na “Real Federación Motociclista Española” (RFME) da celebración do 1º Rally Tour Terrain 2021 para os vindeiros días do 17 ó 22 de outubro do 2021. O evento motos/coches discurrirá desde Ourense Cidade á Estación Invernal de Manzaneda. O Presidente do Comité Organizador é Don Javier Quintas, e para calquera consulta ós correos electrónicos [javiquintas@gmx.com](mailto:javiquintas@gmx.com) ou a [info@singletrackgalicia.com](mailto:info@singletrackgalicia.com).

A Federación Galega de Automobilismo colabora coa Federación Galega de Motociclismo, e co Moto Club Peroxa, para levar a bo fin esta interesante aposta deportiva que apertura unha modalidade (RAID) inédita en Galicia.



**moto CLUBE  
A PEROXA**